

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT01	Xestión de aloxamentos turísticos	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0174	Dirección de aloxamentos turísticos	2023/2024	7.5	240	240

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA DOLORES YÁÑEZ FRAGUELA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo Dirección de Aloxamentos Turísticos, pertencente ao C.S.Xestión de Aloxamentos Turísticos; tomado como referencia o Decreto 55/2010 polo que se establece o título de "Técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos" e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, Competencia xeral e Competencias profesionais, persoais e sociais e que se concretan no Decreto do Currículo como segue:

-Perfil profesional do título: determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título .

-Competencia xeral: consiste en organizar e controlar establecementos de aloxamento turístico, aplicando as políticas empresariais establecidas, controlando obxectivos dos departamentos, accións comerciais e os resultados económicos do establecemento, prestando o servizo na área de aloxamento e asegurando a satisfacción da clientela.

-Competencias profesionais, persoais e sociais: son as que se relacionan deseguido:

- a) Coordinar os servizos propios dos establecementos de aloxamento turístico, e dispor as estruturas organizativas óptimas para a xestión e o control dos seus departamentos.
- b) Detectar oportunidades de negocio e novos mercados, e aplicar métodos in-novadores, analizando as alternativas de investimento e financiamento ligadas a eles.
- c) Analizar o mercado e comercializar o produto base propio do aloxamento, así como os servizos e os produtos complementarios, xestionando as reservas con criterios de eficiencia empresarial.
- d) Controlar e supervisar o departamento de pisos, establecendo os recursos humanos e materiais, así como prestar o servizo, de ser o caso.
- e) Controlar e supervisar o departamento de recepción, e, de ser o caso, prestar o servizo, asegurando a atención á clientela cos niveis de calidade establecidos.
- f) Organizar e facer promoción de eventos no propio establecemento, en coordinación cos departamentos implicados, xestionando os recursos humanos e os materiais necesarios.
- g) Supervisar a correcta atención á clientela, o servizo posventa e a xestión de queixas e reclamacións, para lograr a súa satisfacción.
- h) Propor a implantación de sistemas de xestión innovadores, adecuando e empregando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- i) Supervisar o cumprimento das normas relativas a seguridade laboral, ambiental e de hixiene nos establecementos de aloxamento turístico.
- j) Motivar o persoal a cargo, delegar funcións e tarefas, e promover a participación e o respecto, as actitudes de tolerancia e os principios de igualdade de oportunidades.
- k) Manter o espírito empresarial para a xeración do propio emprego.
- l) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- m) Adaptarse a novas situacións laborais e a diferentes postos de traballo orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- n) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- o) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.
- p) Xestionar a propia carreira profesional analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- q) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.

Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos produtivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

Son moitas as empresas turísticas de aloxamentos. Neste módulo explicaránse as pautas de actuación, os factores que as condicionan e a gran modalidade de actividades que compoñen este entramado sector. Turistas, excursionistas, as diferentes empresas de aloxamento, de restauración, as ofertas complementarias, transportes, etc.

Vigo é unha das principais cidades de Galicia, turisticamente e de vital importancia coñecelo entorno por parte do alumnado que serán os futuros profesionais, coñecer as diferentes empresas de aloxamento e as súas características.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A empresa turística	Concepto, características, tipos, funcións e obxectivos da empresa turística. Normativa autonómica sobre establecementos de aloxamento turístico	25	10
2	Establecementos de turismo rural	Tipos, características e xestión de establecementos de turismo rural. Normativa aplicable en Galicia	25	10
3	A planificación empresarial en hostelería e turismo.	Concepto y elementos da planificación empresarial. Valoración da súa importancia. Tipos de plans empresariais. Ferramentas para o análise e a toma de decisións (DAFO). Planificación dos métodos de traballo: diagrama de Gantt e malla de Pert.	20	10
4	Estructura organizativa da empresa	Concepto, principios e tipos de organización empresarial. A departamentalización. Relacións interdepartamentais. O organigrama	30	10
5	Orzamento e control orzamentario	Concepto, funcións e tipos de orzamentos. Control orzamentario	35	10
6	A rendabilidade económica e financeira da empresa	Patrimonio empresarial. O Balance. A Conta de resultados. Análise económico-financieiro	35	10
7	Investimento e financiamento	O investimento e o financiamento: concepto. Fontes de financiamento empresarial. Métodos de valoración e selección de investimentos: VAN.	30	10
8	Xestión da calidade	Concepto e principios reitores da calidade no sector turístico. Xestión e control da calidade. Normas e certificacións de calidade turística. Ferramentas da calidade	20	10
9	Xestión ambiental	Conciencia dunha correcta xestión ambiental nos establecementos de aloxamento turístico. Responsabilidade social corporativa	20	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A empresa turística	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Coordina a área de aloxamento co resto das áreas do establecemento turístico, e analiza a súa estrutura organizativa.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de aloxamento segundo o sistema de explotación e xestión, a propiedade, etc.
CA1.11 Recoñeceuse a normativa autonómica e estatal de ordenación de establecementos de aloxamento turístico.

4.1.e) Contidos

Contidos
Clasificación das empresas de aloxamento segundo o sistema de explotación.
Normativa autonómica e estatal de establecementos de aloxamento turístico.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Establecementos de turismo rural	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Dirixe establecementos de aloxamento rural e analiza a súa tipoloxía, a normativa aplicable e a especificidade na xestión e na prestación do servizo.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identificouse a normativa aplicable sobre aloxamentos turísticos no medio rural en Galicia e sobre as súas actividades asociadas.
CA6.2 Caracterizouse a tipoloxía de aloxamentos rurais de Galicia.
CA6.3 Identificáronse as peculiaridades na xestión deste tipo de establecementos dependendo do tipo, da modalidade e das características.
CA6.4 Identificáronse os estilos arquitectónicos e as construcións propias de Galicia.
CA6.5 Recoñecéronse as principais centrais de reserva e de comercio por xunto dedicadas á distribución e á intermediación do aloxamento rural.
CA6.6 Identificáronse os procesos para a xestión ambiental integral dos aloxamentos rurais.
CA6.7 Analizáronse os estándares de calidade específicos nos establecementos de aloxamento rural.
CA6.8 Analizáronse as dificultades no medio rural para as persoas con algún tipo de discapacidade e a súa posible solución.
CA6.9 Caracterizáronse as elaboracións típicas de Galicia susceptibles de seren ofrecidas en menús e os produtos gastronómicos máis representativos.
CA6.10 Identificáronse actividades susceptibles de seren ofrecidas nos establecementos de aloxamento rural, así como a súa organización e os medios materiais e humanos para o seu desenvolvemento.

4.2.e) Contidos

Contidos
Normativa aplicable en Galicia.
0Servizo nos establecementos rurais.

Contidos
Planificación e organización de actividades nos establecementos de aloxamento rural Actividades nos establecementos rurais: Tipos, planificación e organización; normativa; medios humanos e materiais; seguros. Manexo de programas informáticos para a xestión de establecementos rurais. Tipoloxía e características propias dos establecementos de turismo rural en Galicia. Xestión e dirección de establecementos de aloxamento rural: trazos diferenciadores. Identificación dos principais estilos arquitectónicos e de construcións de Galicia: tipicidade. Principais centrais de reservas e intermediarios do sector do aloxamento rural en Galicia. Xestión ambiental de establecementos rurais: xestión de residuos. Medidas ecorresponsables. Estándares específicos de calidade no turismo rural. Identificación das principais barreiras para persoas con discapacidade. Normativa. Ofertas gastronómicas e produtos máis representativos en Galicia.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A planificación empresarial en hostelería e turismo.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Coordina a área de aloxamento co resto das áreas do establecemento turístico, e analiza a súa estrutura organizativa.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Xustificouse a importancia da planificación no proceso de administración empresarial.

Criterios de avaliación
CA1.3 Diferenciáronse os principais plans empresariais.
CA1.4 Conceptualizáronse as ferramentas para realizar a toma de decisións departamentais.
CA1.5 Realizáronse os procesos de planificación da área de aloxamento para establecer obxectivos, toma de decisións e selección dos medios.
CA1.6 Identifícaronse os elementos básicos para establecer procesos de xestión por obxectivos.
CA1.7 Valorouse a importancia de realizar revisións periódicas dos obxectivos das áreas e de establecer mecanismos de corrección.

4.3.e) Contidos

Contidos
Planificación: concepto, proceso e terminoloxía básica.
Etapas da planificación. Tipo de plans nas empresas de aloxamento.
Utilización das ferramentas de análise e toma de decisións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Estructura organizativa da empresa	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Coordina a área de aloxamento co resto das áreas do establecemento turístico, e analiza a súa estrutura organizativa.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Determináronse factores e criterios eficaces de organización de establecementos de aloxamento turístico.
CA1.9 Comparáronse as estruturas e as relacións departamentais máis características dos tipos de aloxamentos turísticos.
CA1.10 Realizáronse organigramas de organizacións empresariais segundo as tipoloxías e as características específicas de establecementos de aloxamento turístico.

4.4.e) Contidos

Contidos
0Organigramas: concepto e clases. Deseño de organigramas. Descrición dos postos de traballo. Principios, sistemas e tipos de organización. Estructuras organizativas propias das empresas de aloxamento. Departamentalización. Relacións interdepartamentais. Circuitos e documentación xerada nas relacións interdepartamentais.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Orzamento e control orzamentario	35

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Controla a explotación económica dos departamentos baixo a súa supervisión, e reconece e determina a estrutura de ingresos e de gastos deses departamentos.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionáronse os orzamentos coa planificación empresarial e coas funcións que desempeñan nela.
CA3.2 Identificáronse os tipos de orzamento que afectan á planificación empresarial.
CA3.3 Caracterizáronse os elementos de cada tipo de orzamento.
CA3.4 Elaboráronse tipos de orzamento para a organización e a planificación da empresa de aloxamento turístico.
CA3.5 Coordinouse a elaboración dos orzamentos co persoal dependente.
CA3.6 Estableceuse a estrutura dos ingresos e gastos para obter referencias de comportamento xeneralizado destes.
CA3.7 Calculouse o orzamento da área de aloxamento seguindo métodos de presentación normalizada entre as empresas do sector.
CA3.8 Establecéronse métodos de control orzamentario, xustificáronse as desviacións e aplicáronse medidas correctoras.
CA3.9 Elaboráronse estatísticas básicas relativas ás áreas do aloxamento.

4.5.e) Contidos

Contidos
Orzamentos: tipos, elementos e control.
Realización de orzamentos.
Ciclo orzamentario: elaboración e aprobación.
Análise da estrutura de ingresos e gastos.
Sistemas estandarizados de presentación de orzamentos do sector.
Control orzamentario. Determinación de desviacións: análise, causas e medidas correctoras.
Tipos de estatísticas e a súa interpretación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	A rendabilidade económica e financeira da empresa	35

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a rendibilidade financeira e económica de proxectos menores de investimento empresarial, e caracteriza e valora os sistemas de financiamento.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Conceptualizáronse e clasificáronse os elementos que compoñen o patrimonio empresarial.
CA2.2 Realizouse a análise financeira e económica da empresa de aloxamento turístico.
CA2.3 Analizáronse os balances empresariais e a conta de resultados do establecemento.

4.6.e) Contidos

Contidos
Clasificación do patrimonio.
Patrimonio empresarial: concepto. Clasificación dos elementos e masas patrimoniais.
Estrutura financeira e económica da empresa
Balance: concepto e tipos. Realización de balances.
Conta de resultados
Análise financeira: ratios de liquidez e solvencia.
Análise económica. Rendibilidade: ratios.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Investimento e financiamento	30

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina a rendibilidade financeira e económica de proxectos menores de investimento empresarial, e caracteriza e valora os sistemas de financiamento.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Defínense o concepto de investimento e as fontes de financiamento da empresa.
CA2.5 Determinouse a idoneidade de realizar diversos tipos de investimento segundo decisións empresariais.
CA2.6 Identifícaronse os tipos de investimento e os métodos para a súa selección e a súa valoración.
CA2.7 Calculouse o nivel de endebedamento en función da estrutura financeira da empresa.
CA2.8 Valoráronse as decisións de investimento externo ou as de autofinanciamento.
CA2.9 Establecéronse os métodos de selección do financiamento máis acaído segundo o caso.
CA2.10 Valorouse o custo das fontes de financiamento entre as que se pode optar.

4.7.e) Contidos

Contidos
0Financiamento: concepto. Fontes de financiamento empresarial: propias (autofinanciamento e amortización) e externas (préstamos, leasing, renting, fontes espontáneas, etc). Cálculo do custo das fontes financeiras.

Contidos
Apancamento financeiro. Determinación do nivel de endebedamento óptimo. Responsabilidade na toma de decisións. Estrutura de custos nas empresas de aloxamento Cálculo do punto morto. Manexo de programas informáticos para o cálculo da rendibilidade e investimentos. Investimento: concepto, proceso e tipos. Métodos de valoración e selección de investimentos: estáticos e dinámicos. Prazo de recuperación, Van, Tir, etc.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Xestión da calidade	20

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Controla a aplicación dos sistemas de xestión da calidade e valora a súa implicación nunha xestión máis eficiente do establecemento de aloxamento turístico.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícase o concepto de calidade e os seus obxectivos no subsector das empresas de aloxamento turístico.
CA4.2 Valórouse a aplicación de sistemas de calidade.
CA4.3 Determináronse os sistemas previos á implantación dun sistema de calidade.

Criterios de avaliación

CA4.4 Recoñeceuse a aplicación dun sistema de calidade baseado nas normas estandarizadas.

CA4.5 Aplicouse o sistema de xestión de calidade.

CA4.6 Definíronse as ferramentas de xestión da calidade: autoavaliación, planificación da mellora, sistemas de indicadores, sistemas de enquisa, e sistemas de queixas e suxestións.

CA4.7 Estableceuse o deseño e a elaboración dos procesos da área de aloxamento.

4.8.e) Contidos
Contidos

Calidade: concepto, elementos, evolución e finalidade.

Ferramentas da calidade: diagrama de Ishikawa, de Pareto, de control por procesos, etc.

Manexo das ferramentas de xestión da calidade: ciclo de xestión da calidade. Autoavaliación, planificación da mellora, sistemas indicadores, sistema de enquisa, manuais de procedementos, e sistema de queixas e suxestións.

Principios reitores da calidade no sector turístico.

Xestión por procesos.

Normas de calidade turística.

Xestión total da calidade.

Modelos para implantar a xestión de calidade.

Implantación dun modelo de calidade.

Certificacións de calidade. Normas estandarizadas.

Custo da calidade e da non-calidade.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Xestión ambiental	20

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Coordina o sistema de xestión ambiental e caracteriza a diversidade destes sistemas.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Tomouse conciencia da necesidade dunha correcta xestión ambiental nos establecementos de aloxamento turístico.
CA5.2 Conceptualizáronse os elementos básicos que conforman a xestión ambiental.
CA5.3 Realizouse a análise previa á implantación dun sistema de xestión ambiental.
CA5.4 Diferenciáronse os sistemas de xestión ambiental.
CA5.5 Identificáronse as ferramentas de xestión ambiental.
CA5.6 Utilizáronse os documentos do sistema de xestión ambiental.
CA5.7 Realizouse o control de operacións, os plans de emerxencia e a capacidade de resposta.
CA5.8 Asegurouse unha correcta xestión dos residuos.

4.9.e) Contidos

Contidos
Conciencia dunha correcta xestión ambiental nos establecementos de aloxamento turístico.
0Conciencia dun consumo responsable dos recursos naturais.
Sistema comunitario de xestión de auditoría ambiental.
Responsabilidade social corporativa.
Elementos básicos da xestión ambiental.

Contidos

Análise previa á implantación dun sistema de xestión ambiental.

Formalización da documentación.

Plans de emerxencia.

Seguimento e medición.

Xestión das non-conformidades.

Sistemas de auditorías: interna e externa.

Xestión de residuos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES

RA1. Coordina a área de aloxamento co resto das áreas do establecemento turístico, e analiza a súa estrutura organizativa.

-CA1.2. Xustificouse a importancia da planificación no proceso de administración empresarial.

-CA1.4. Conceptualizáronse as ferramentas para realizar a toma de decisións departamentais.

-CA1.5. Realizáronse os procesos de planificación da área de aloxamento para establecer obxectivos, toma de decisións e selección dos medios.

-CA1.8. Determináronse factores e criterios eficaces de organización de establecementos de aloxamento turístico.

-CA1.10. Realizáronse organigramas de organizacións empresariais segundo as tipoloxías e as características específicas de establecementos de aloxamento turístico.

-CA1.11. Recoñeceuse a normativa autonómica e estatal de ordenación de establecementos de aloxamento turístico.

RA2. Determina a rentabilidade financeira e económica de proxectos menores de investimento empresarial, e caracteriza e valora os sistemas de financiamento.

-CA2.1. Conceptualizáronse e clasificáronse os elementos que compoñen o patrimonio empresarial.

-CA2.3. Analizáronse os balances empresariais e a conta de resultados do establecemento.

-CA2.4. Definiuse o concepto de investimento e as fontes de financiamento da empresa.

-CA2.5. Determinouse a idoneidade de realizar diversos tipos de investimento segundo decisións empresariais.

-CA2.6. Identificáronse os tipos de investimento e os métodos para a súa selección e a súa valoración.

-CA2.9. Establecéronse os métodos de selección do financiamento máis acaído segundo o caso.

RA3. Controla a explotación económica dos departamentos baixo a súa supervisión, e recoñece e determina a estrutura de ingresos e de gastos deses departamentos.

-CA3.1. Relacionáronse os orzamentos coa planificación empresarial e coas funcións que desempeñan nela.

-CA3.3. Caracterizáronse os elementos de cada tipo de orzamento.

-CA3.4. Elaboráronse tipos de orzamento para a organización e a planificación da empresa de aloxamento turístico.

-CA3.6. Estableceuse a estrutura dos ingresos e gastos para obter referencias de comportamento xeneralizado destes.

-CA3.7. Calculouse o orzamentoda área de aloxamento segundo métodos de presentación normalizada entre as empresas do sector.

RA4. Controla a aplicación dos sistemas de xestión da calidade e valora a súa implicación nunha xestión máis eficiente do establecemento de aloxamento turístico.

-CA4.1. Identificouse o concepto de calidade e os seus obxectivos no subsector das empresas de aloxamento.

-CA4.4. Recoñeceuse a aplicación dun sistema de calidade baseado nas normas estandarizadas.

-CA4.6. Definíronse as ferramentas de xestión da calidade: autoavaliación, planificación da mellora, sistemas indicadores, sistemas de enquisa, e sistema de queixas e suxestións.

-CA4.7. Estableceuse o deseño e a elaboración dos procesos da área de aloxamento.

RA5. Coordina o sistema de xestión ambiental e caracteriza a diversidade destes sistemas.

-CA5.1. Tomouse conciencia da necesidade dunha correcta xestión ambiental nos establecementos de aloxamento turístico.

-CA5.8. Asegurouse unha correcta xestión de residuos.

RA6. Dirixe establecementos de aloxamento rural e analiza a súa tipoloxía, a normativa aplicable e a especificidade na xestión e na prestación do servizo.

-CA6.1. Identificouse a normativa aplicable sobre os aloxamentos turísticos no medio rural en Galicia e sobre as súas actividades asociadas.

-CA6.2. Caracterizouse a tipoloxía de aloxamentos rurais en Galicia.

-CA6.5. Recoñecéronse as principais centrais de reserva e de comercio por xunto dedicadas a distribución e á intermediación do aloxamento rural.

-CA6.8. Analizáronse as dificultades no medio rural para as persoas con algún tipo de discapacidade e a súa posible solución.

-CA6.9. Caracterizáronse as elaboracións típicas de Galicia susceptibles de seren ofrecidas en menús e os produtos gastronómicos máis representativos.

5.2 Instrumentos de avaliación:

Os aspectos conceptuais valoraranse mediante a realización de probas de carácter teórico-práctico, mediante a realización de exames escritos, de preguntas breves, verdadeiro ou falso ou tipo test sobre os contidos de cada unidade e do desenvolvemento de traballos de investigación por escrito, relativos á temática que o profesor indique.

Os procedementos de traballo avaliaranse mediante a corrección das actividades correspondentes plantexadas e realizadas na clase.

5.3. Criterios de cualificación

As cualificacións do alumno no módulo serán o resultado de valorar:

- Probas escritas teórico-prácticas representan o 60% da nota. Faranse unha ou dúas probas escritas por avaliación, dependendo da materia de que se trate.

Se algún alumno ou alumna incurrixe, no desenvolvemento das probas, en prácticas fraudulentas, dita proba lle será retirada e avaliarase cun cero.

A nota por exames realizados durante o trimestre será a media aritmética, non obstante non se fará media senón se acadara a nota numérica de 5 puntos en cada unha delas.

-Traballos didácticos: Representan o 40% da nota. Nos traballos avaliarase: presentación, estrutura, adecuación do contido ao nivel exixido, conclusións, bibliografía, etc. Os traballos serán orixinais, non se avaliarán traballos copiados ou plaxiados.

A entrega dos traballos será obligatoria para superar o módulo. Non serán avaliados aqueles traballos non presentados en data e forma.

A nota por traballos realizados durante o trimestre será a media aritmética, non obstante non se fará media senón se acadara a nota numérica de 5 puntos en cada unha deles.

O alumno para superar o módulo terá que acadar unha nota igual ou superior a cinco, sendo requisito indispensable ter superadas cada unha das avaliacións. Aqueles alumnos que a pesar de obter unha nota igual ou superior a cinco, de non presentar os traballos en tempo e forma non acadarán un resultado positivo na avaliación. A nota final será o resultado de realizar a media ponderada aritmética das avaliacións.

Recuperacións: o alumnado que non supere os mínimos esixibles nunha única avaliación poderá facer a correspondente recuperación. A recuperación consistirá nunha proba dos contidos teóricos-prácticos da avaliación non superada, valorarase ata 10 puntos e será necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala.

5.4 O Instrumento de avaliación para alumnado con este módulo suspenso que promocionaron a segundo curso farase do seguinte xeito:

Un examen final na data (período) que establece a norma oficial ao respecto. Os contidos deste exame serán os que están establecidos nesta programación. A puntuación será sobre dez e haberá que acadar a lo menos cinco puntos para superar o módulo. Este exame constará de preguntas teóricas e casos prácticos para comentar e solucionar. No exame pódese empregar calculadora .

A bibliografía asignada a este módulo será:

Ley 7/2011, del Turismo de Galicia

Decreto 191/ 2004 de establecementos de turismo rural

Decreto 12/2017 polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico en Galicia

Decreto 48/2016 polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos
Decreto 159/2019 polo que se establece a ordenación dos campamentos en Galicia
Decreto 57/ 2016 polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros.
Decreto 179/2011 polo que se regula o réxime de prezos e reservas dos establecimentros turísticos de alojamiento e restauración en Galicia
Manual educativo: Técnica contable . versión educativa de contaplus -sage . editorial Editex SA. autor: Rosario Pérez Gómez.
Contabilidad , Control de Gestión Y Finanzas de hoteles . editorial Profit . Autores Oriol Amat e Fernando Campa

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando un alumno ou alumna non acade unha avaliación positiva poderá recuperala nunha única proba teórico-práctica sobre os contidos do módulo despois da avaliación. Para superar esta proba o alumnado terá que acadar unha nota igual a 5 puntos. Non se farán probas de recuperación para subir nota.

Aqueles alumnos que non superen o módulo, terán un período de recuperación da materia, antes do exame final de xuño. O procedemento a seguir neste período extraordinario será o seguinte:

a) Actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado.

O plan de recuperación non implica a realización dunha única proba, senón que se trata de levar a cabo as actividades , traballos e exercicios previstos nas unidades didácticas desta programación, como medio para acadar os resultados de aprendizaxe do módulo.

O alumno será avaliado segundo as actividades, exames e exercicios propostos.

b) Reforzos para lograr a recuperación.

As actividades de recuperación, como soporte para alcanzar os resultados de aprendizaxe / obxectivos do módulo; consistirán en:

1. Realizar traballos adecuados a cada unha das unidades didácticas da programación, seleccionando material máis acorde co traballo esixido, facendo unha boa presentación do mesmo se fora o caso.
2. Lectura de libros sobre a materia que corresponda a unidade diáctica a recuperar, coa posibilidades de que o profesor faga un cuestionario final do mesmo ou ben se lle pida o realizar un traballo a modo de resume con implementación no sector ou posto de traballo a desempeñar.
3. En xeral contidos e actividades de avaliación de cada unha das unidades de traballo da programación, así como calquera outra actividade ou exercicio que o profesor considere oportuno á hora de recuperar.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda do dereito á avaliación continua supón que o alumnado acade un número de faltas superior ao 10% sen xustificar e un 5% xustificadas, da carga horario total do módulo.

Os alumnos que acaden a perda de avaliación continua (PDA) non terán dereito a examinarse das avaliacións parciais, tendo dereito a realizar unha avaliación extraordinaria no mes de xuño.

Esta proba constará dun exame teórico-práctico de todos os contidos do módulo e a realización, presentación e exposición dun/s traballo/s. Para superar esta proba o alumnado terá que acadar unha nota igual ou superior a 5 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente e de acordo co proceso de mellora da calidade do centro, se entregará na xefatura do departamento a folia de seguemento de programación que estará en consonancia coa programación de aula.

Nela se indicará os motivos polos que non se cumpla o previsto na programación así como as medidas a adoptar para a súa adecuación á mesma.

Na folia de seguimento de programación se indicarán as avaliacións realizadas (data e instrumento empregado).

O seguimento de avaliación docente se fará de acordo co proceso de programación, mediante a enquisa ao alumnado trimestral onde se indica a satisfacción por módulos e se detectan posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias de acordo con xefatura de estudos e o titor/a de grupo.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- ¿ O grao de cumprimento da temporalización
- ¿ O logro dos obxectivos programados
- ¿ Os resultados académicos acadados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Desde o inicio do curso prestarase atención á detección de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. Prestarase atención á evolución desde o primeiro día de clase e manterase unha colaboración estreita co Departamento de Orientación.

As necesidades poden ser debidas a:

Falta de motivación.

Falta de hábito de estudo.
Problemas familiares.
Problemas de conciliación da vida familiar e o estudo (adultos, alumnos con persoas ao seu cargo, etc)
Dificultade de comprensión en alumnos de procedencia de países de lingua non española.
Ritmos lentos de traballo.
Dificultades coa escritura e a lectura.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade amodo de contidos mínimos.

Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.

Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas.

A diversidade do alumnado que conleva o sistema educativo obriga a realizar adaptacións máis ou menos significativas en cada un deles, de cara a conseguir o mellor desenvolvemento posible das capacidades, expresadas nos obxetivos xerais.

Así pois, surde a necesidade de realizar adaptacións do currículo.

A atención o alumnado con NEE rexirase polos principios de normalización e integración escolar, e dicir, co resto dos alumnos, no mesmo centro e se expresará no:

-D.C.B. -A Administración educativa concreta o currículo para toda a poboación escolar.

-P.C.C. -O centro acomoda o currículo dacordo coas características dos seus alumnos, do seu contexto social-cultural e do propio centro.

-Programacións de aula. -Os equipos docentes ou departamentos adecuan o currículo dacordo as características dos alumnos do ciclo e/ou aula.

-A.C.I. -Os titores, profesores e profesores de apoio, asesorados por especialistas, acomodan o currículo tendo en conta as características individuais.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas ¿sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión-, coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións.

Terase que reforza-los aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades.

As posibles adaptacións no só deberán responder a criterios de eficiencia na consecución das capacidades terminais, senón que tamén serán elementos de valor.

Ritmos de aprendizaxe, as motivacións do alumnado, seus intereses e expectativas, seu grao de integración, etc.

Todo de cara a realiza-las oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de tódolo alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.

Desta maneira, favoreceráse a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan, para mellorar o seu rendemento, nun intento de potencia-la avaliación formativa, axustando a axuda pedagóxica as súas necesidades reais de aprendizaxe.

Para levar a cabo calquer tipo de esforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:

- As capacidades terminais e os contidos.
- Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.
- Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e/ou complementarios.
- Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.
- Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
- A metodoloxía.
- Técnicas de traballo cooperativo.
- Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
- Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
- Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno/a, mellorar sua autoestima.
- Medidas extraordinarias: A.C.I.
- A avaliación.
- Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de melleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, aulas e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

Tamén será posta en valor a tradición galega, en costumes, xeitos de vivir, actividades, historia, etc empregando exemplos e produtos propios da nosa comunidade.

Ademais dos contidos desenvolvidos en cada unidade, hai outros contidos que se tratarán ao longo de todo o curso, e como tales non se poden adscribir a unha soa unidade ou bloque didáctico.

Os temas transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento afecta a súa globalidade; non se trata pois dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben dunha serie de elementos de aprendizaxe sumamente globalizados.

Os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Entre os temas transversais que teñen unha presenza máis relevante nesta materia destácanse:

- Educación para a saúde: apreciar a importancia de traballar, en calquera ámbito e sobre todo no sector turístico, de maneira ordenada, pulcra e precisa.
- Educación do consumidor: sensibilizar ao alumnado no consumo responsable creando unha conciencia crítica.
- Educación ambiental: descubrir, apreciar e valorar a importancia da natureza e do medio, sensibilizando no aforro enerxético, reciclaxe do material funxible e sostenibilidade.
- TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.
- Educación non sexista: interesarse por coñecer, respectar e valorar a opinión e produción dos compañeiros, colaborar con todas as persoas, independentemente do seu sexo ou condición, e amosar unha actitude crítica ante situacións nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón do sexo.
- Educación moral e cívica: manifestar actitudes propias sobre o sector turístico, visión crítica e actitude aberta a novas ideas, na resolución de problemas, interpretar o coñecemento do turismo técnico como unha ferramenta de traballo ao servizo da sociedade, e apreciar o noso patrimonio artístico e respetar as instalacións dos aloxamentos turísticos.
- Educación para a paz. Apreciar a linguaxe da actividade turística como medio de expresión e comunicación entre comunidades diversas. Amosar unha actitude flexible e aberta ante as opinións dos demais no desenvolvemento do traballo en equipo no momento de resolver un problema, así como amosar comprensión das diferentes culturas dos clientes que recibirán cada vez máis neste novo escenario da globalización.
- Educación multicultural: espertar o interese por coñecer e respetar outras culturas diferentes ás propias e por desenvolver actitudes de respecto, valoración e colaboración con outras ideoloxías, costumes, relixións.
- Educación para a accesibilidade alén dos estereotipos de cadeira de rodas, falta de visión, e de oído.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar levaráanse a cabo no desenrolo da programación. A temporalización repartirase a o longo do curso académico dependendo das posibilidades orzamentarias e da programación. Dentro das actividades complementarias encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

- Semanas ou xornadas turísticas.
 - Conferencias e charlas especializadas.
 - Cursos monográficos.
 - Outros actos dentro ou fóra do centro como resultado da colaboración do CIFP con outras institucións ou organismos.
 - Charlas e conferencias de profesionais do sector turístico en xeral.
 - Visita a hoteis da zona e empresas especializadas en aloxamento turístico.
 - Visita a empresas del sector.
 - Visita a outros centros de hostalaría e turismo
- Sen perxuízo de que se poidan realizar outras actividades.

Actividades extraescolares

- Visita ás feiras turísticas da zona e as súas xornadas técnicas/conferencias, etc.
- Visita a unha feira turística internacional. FITUR.

As actividades complementarias, cando o implique a súa propia natureza, consideraránse extraescolares.

10. Outros apartados

10.1) Avaliación das unidades didácticas.

En canto a avaliación poderase levar a cabo mediante traballos individuais, probas escritas, así como terase en conta o comportamento, a realización das tarefas; é dicir, os contidos actitudinais, procedimentais e de contidos na seguinte porcentaxe:

40% contidos procedimentais; é dicir tarefas e traballos propostos.

60% contidos teóricos-prácticos mediante probas escritas.

É preciso que o alumno teña en consideración que por decreto se establece que o 15% de faltas de asistencia respecto das horas do módulo supón automaticamente unha perda do dereito de avaliación continua, que se lle comunicará por escrito segundo o establecido na normativa correspondente.

Tamén e necesario indicar que 3 faltas de puntualidade (máis de 15 minutos desde o inicio da sesión) considerase como unha falta de asistencia sen xustificar.

Xa que o módulo a tratar nesta programación ten un total de 87 horas, considerárase a PD cun total de 13 horas de falta de asistencia, 9 poden ser sin xustificar e 4 obrigatoriamente xustificadas. Recibirá un apercibemento na 5ª falta de asistencia para indicarlle que está a punto de considerarse PD.

A perda de avaliación continua supón que aínda que o alumno ten dereito a seguir asistindo ás clases e poderá seguir participando nos traballos e actividades propostas, non será avaliado en ningún caso durante o curso escolar ata a proba extraordinaria para alumnos/as con perda de avaliación que se levará a cabo no mes de xuño e que será debidamente programada e publicada no centro educativo para o seu coñecemento.

10.2) Punto 4C

No punto 4c) desta programación "Instrumentos de Avaliación: OUTROS" inclúe os seguintes criterios, proba escrita, lista de cotexo, taboa de observación. Detállanse a continuación mais instrumentos de avaliación a ter en conta:

- Observación no modo de traballo.
- Exposicións de traballos.
- Exercicios de carácter práctico.
- Limpeza e orde nos traballos.
- Entrega dos traballos en tempo e forma.
- Debates entre o alumnado.